

# XUVENI UGO



ENTRADA

**7€**

**DATAS DE APERTURA**

**Horario de 16:30 a 20:30**

- DECEMBRO DE 2023:** 6-10, 15-17, 21-23 e 25-30.
- XANEIRO DE 2024:** 1-4 e 6-7

**Servizo de cafetería e festas de aniversario**

\*Bono grupo 10 persoas: 60€ (Válido para un só día)



## INFORMACIÓN SOBRE XUVENLUGO 2023/2024

### XUVENLUGO: OCIO, DIVERSIÓN E EDUCACIÓN

Temos o pracer de ofrecerlles un ano máis a nosa oferta de ocio infantil e xuvenil nestas vacacións de Nadal.

Para nós, Xuvenilugo é unha feira referente, unha das máis lonxevas, sendo este ano a 25ª edición deste salón de ocio infantil e xuvenil. Unha feria na que vemos crecer ano tras ano aos nenos que agora xa son grandes, dándonos conta de que formamos parte da infancia de moitos nenos e nenas de Galicia.

Como en anos anteriores, a **25ª edición de Xuvenilugo** ocupará os dous pavillóns e o corredor que os une, dentro das instalacións do Pazo de Feiras e Congresos de Lugo. É un gran espazo cheo de atraccións, inchables, xogos, animacións e deportes para ter unha tarde en familia moi divertida.

Establécense diversas áreas destacando a presenza de:

#### 1 · ESPAZO INFANTIL (LUDOTECA):

Zona pensada para nenos e nenas de **zero a sete** anos. Pretende ser un espazo que oferte actividades adaptadas para esas idades onde poidan estar con total seguridade e pasándoo en grande. Este espazo estará xestionado por **monitores** debidamente experimentados e cualificados.

O espazo, ubicado no túnel de conexión entre pavillóns do Pazo de Feiras e Congresos de Lugo, terá unha zona para nenos de **0 a 3 anos** e outra con nenos de **4 a 6 anos**, xa que pensamos que un par de anos nestas idades nótase moito. Estes espazos non estarán divididos fisicamente xa que moitos dos nenos veñen cos seus irmáns e non queremos que pensen que están en espazos diferentes:



- A primeira área destinada aos nenos de **0 a 3 anos** estará dotada dun chan de **Paviplay** delimitado que ailla do pavimento facilitando que os nenos e nenas poidan estar sentados no chan, gatear e xogar con comodidade, protexéndoos ante caídas ou golpes.

Neste espazo haberá **xogos e xoguetes variados**: de percepción sensorial, de manipulación, de coordinación de movementos, xogos de psicomotricidade, pezas de construción xigantes, tobogán, quebracabezas, cubos de figuras, correpasillos, casinha de xogos, etc.

Ademáis neste espazo presentamos a **Mario Bros**, un inchable especial para nenos de **0 a 3 anos** (medidas: 5m longo x 4,2 m ancho x 2.3 m alto), que se converte no lugar ideal para iniciar aos máis pequenos en actividades motrices de equilibrio ou salto.

- A segunda área da Ludoteca, para nenos de **4 a 6 anos**, conta cun inchable chamado **Crocodilo**, especial para nenos xa que é moi compacto e protexido (medidas: 9 m longo x 4,5 m ancho x 2,7 m alto).



## Espazo de animación dentro da Ludoteca

Continuando o percorrido de actividades no túnel, temos un abano de posibilidades de xogo e diversión:

En primeiro lugar, un espazo de **talleres**. Este espazo, dotarase de materiais para a realización de diferentes talleres, organizados en días rotatorios, tales como: **globoflexia**, **pintacaras**, **reciclaxe** e gran novidade de **baile con mini-coreos**.





Tamén habilitaremos unha zona de xogos xigantes: un **twister**, un **tres en raia**, o **xogo da ra**, **paracaídas**, **aros** e **xogos tradicionais**.

Xunto con todas estas actividades nos momentos onde temos un maior número de nenos teremos a visita de **Mickey e Minnie**, **Minion** e de **Chase da patrulla Canina** para que os nenos poidan saudar, sacarse fotos e ata xugar na ludoteca con eles facendo que a visita sexa inesquecible.



## 2 · ZONA DE XOGOS RECREATIVOS

Nesta zona os mozos/as converteranse en verdadeiras estrelas dos **videoxogos**. Unha zona preparada cunha gran pantalla cos videoxogos máis populares.

## 3 · CIRCUITO INTERIOR DE MINIGOLF

Un clásico dentro de Xuvénlugo. Con diversas estacións rotatorias que permiten albergar gran cantidade de participantes e que son a mellor forma de iniciarse neste deporte. Trátase dunha actividade para **todos os públicos**, non hai que ser un experto, só hai que gozar desta actividade cun percorrido de varios foxos e coas variacións que inclúen cada un deles: subidas, baixadas, curvas...





#### 4 · PISTA DE SLOT

Os visitantes de Xuvenilugo poderán gozar de pistas de Slot, hobby que atrae tanto o público infantil como ao adulto. O círculo permite que xoguen 4 persoas a mesmo tempo, deste xeito, convértese nunha actividade a disfrutar para toda a familia.



#### 5 · INCHABLES DE GRAN FORMATO

Ademáis dos inchables da zona infantil, este ano contaremos con cinco inchables de gran tamaño con innumerables posibilidades de xogo.

##### · Inchable multideporte

Este inchable de grandes dimensións sorprenderá aos usuarios e conseguiran que gocen ao máximo a experiencia competindo entre eles.

##### · Inchable Voleibol

Unha pista na que practicar este deporte en equipo coa diversión engadida que proporcionan as paredes inchables.

##### · Pista saltabolas , tobogán e multiaventura

Os inchables de obstáculos son un gran atractivo para os nenos xa que implican desafiarse a un mesmo para alcanzar a meta, demostrando habilidades de axilidade, equilibrio e velocidade para alcanzar a meta antes que ninguén.

Estes inchables son moi dinámicos e movidos xa que os nenos non paran de superar obstáculos entrando e saíndo dos inchables.

##### · Inchable Harlem Globetrotters

Un ichable no que os nenos se sentirán estrelas do baloncesto facendo mates espectaculares nas canastas desta atracción. Unha actividade para competir e xogar coa familia e os amigos e ver quen saca máis puntos.






## 7 · ATRACCIÓNS

Un ano máis, ofrecemos un espacio con numerosas atraccións de feira para todas as idades. Estarán funcionando continuamente toda a tarde para que poidas gozar dunha experiencia de Xuvenilugo completa.

Unha ampla variedade de atraccións que recrean o ambiente das festas das cidades e pobos. A gran diferenza é que aquel que compre a súa entrada para Xuvenilugo adquirirá o dereito a subir tantas veces como queira a estas atraccións.





## 9 · BARREDORA

O barredora é unha atracción mecánica moi divertida para persoas de todas as idades. É unha actividade moi especial na que poden xogar nenos e adultos de distintas idades, porque nos ofrece diferentes niveis de dificultade que se van dirixindo segundo a idade, a axilidade e as necesidades de cada persoa que quere montar e xogar. Ata un máximo de seis persoas a vez.



## 9 · ROCÓDROMO (actividade a consultar)

É a instalación "indoor" máis importante no panorama nacional que permite desenvolver actividades de montaña nun espazo controlado para satisfacer a demanda de ocio familiar, deporte base, alta competición e formación profesional. É unha actividade para maiores de 4 anos.



## · 23 DE DECEMBRO

Durante Xuvenlugo os rapaces disfrutarán da visita de Papá Noel que virá a recoller as cartas dos nenos/as e a escoitar os seus desexos para estas festas. Poñerase un photocall e atrezzo con motivos de Nadal para que os cativos e os seus acompañantes poidan sacar fotografías do momento.

## · 4 DE XANEIRO

Tamén contaremos coa visita dun paje dos reis magos que virá a recoller as cartas dos nenos/as que queren adiantarse a súa visita





## HORARIOS

Do 6 ao 10 de decembro de 2023  
Do 15 ao 17 de decembro de 2023  
Do 21 ao 23 de decembro de 2023  
Do 25 ao 30 de decembro de 2023  
Do 1 ao 4 de xaneiro de 2024  
Do 6 ao 7 de xaneiro de 2024

De 16:30 horas a 20:30 horas

## PREZOS

Entrada xenérica: **7 €**

Entrada xenérica para **Concellos, Colexios e Asociacións**: **5 €**

Con reserva anticipada (mínimo 15 persoas)

Bono grupo 10 persoas: **60 €**

Válido para un só día


A entrada inclúe todas as atraccións e inchables todas as veces que queiras excepto as seguintes actividades:

Pista de minigolf: 1,5 €

Pista de slot: 2 €

Barredora: 1,5€

Rocódromo: condicións por confirmar.  
Maiores de 4 anos.



Xornada de portas abertas



Días sen ruído de 18:30 a 20:30



Visita Papá Noel



Visita paxe real

XORNADA DE PORTAS ABERTAS CONCELLO DE LUGO DÍA 15 DE DECEMBRO DE 2023

XORNADA DE PORTAS ABERTAS DEPUTACIÓN DE LUGO DÍA 21 DE DECEMBRO DE 2023